



RESUMEN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 06 DE MARZO DE 2014.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:

- Acta da sesión ordinaria de 07 de febreiro de 2014
- Acta da sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2014

2º.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO.

Acórdase rectificar o contido do punto terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2014, quedando así substituído polo seguinte:

1º.- Aprobar o proxecto referido denominado OBRADOIRO DE EMPREGO PARA A RECUPERACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN SILLEDA

2º.- Solicitar unha subvención por importe de 268.501,98 €; para o seu desenvolvemento o aveiro da orde da Consellería de Traballo e Benestar do 23 de decembro de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Obradoiros de Emprego dentro dos Programas Mixtos de Emprego e Formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.

3º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

3.1.- Acórdase a baixa no SAF, no correspondente Programa de Atención á Dependencia, de Dina María Gómez Torres.

4º.- MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (BANDEIRA, ESCUADRO, BAZAR)

Acórdase a aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 75.081,37 € máis IVE "Mellora dos camiños de Bandeira, Escuadro e Bazar (Silleda)", así como proxecto, Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, solicitar oferta a catro empresas e nomeamento do director da obra.